

**LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, CONCELEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local en sesión ORDINARIA celebrada o vinte e catro de abril de dous mil trece, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**34/283 PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE RESTAURANTES, POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDA E ATRACCIÓN INFANTIL NO ARDE LUCUS 2013. DEIXAR SEN EFECTO O POSTO DE ELABORACIÓN DE COMIDAS IDENTIFICADO COMO PARCELA 2A NA PRAZA DA SOIDADE.**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 19 de abril de 2013 que, na súa parte expositiva, fai constar:

#### **“ANTECEDENTES**

I.- Bases técnicas e administrativas que rexeron o procedemento de licitación para a autorización da instalación de restaurantes e postos de elaboración de comidas no ARDE LUCUS 2012 (con posibilidade de prórrogas anuais ata o ano 2015), aprobadas mediante Decreto nº 12004032 do día 15 de maio, onde na súa cláusula SÉTIMA se sinala:

#### **‘SÉTIMA.- PERÍODO DE VIXENCIA DAS ADXUDICACIÓNS E PAGO DO CANON E TAXAS**

*1.- A licenza terá vixencia durante a festa do Arde Lucus 2012, e terá carácter prorrogable ano a ano ata un máximo de 4 anos (ano 2015), para a que a prórroga sexa efectiva deberá presentarse obrigatoriamente a solicitude de prórroga no mes de febreiro de cada ano quedando en todo caso esta petición subordinada á decisión municipal sen que a denegación de prórroga poda supoñer en ningún caso indemnización algunha.’*

II.- Decreto número 13003399 do día 14 de abril de 2013 polo se aceptou as solicitudes de prórroga das AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE RESTAURANTES E POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDAS NO ARDE LUCUS 2013 presentadas en prazo e se declarou decaídos no seu dereito a solicitar a prórroga por non ter presentado a correspondente solicitude durante o mes de febreiro de 2013 a unha serie de persoas que se relacionan, entre elas KACHOPA C.B; e que se incoe un novo procedemento de licitación para a autorización dos postos que quedan vacantes para a instalación de restaurantes e postos de elaboración de comida no Arde Lucus 2013 e sucesivos, no seu caso.

III. Acordo da Xunta de Goberno Local número 11/230 de data 10 de abril de 2013 polo que se aprobaron as bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación para a autorización de instalación de restaurantes, postos de elaboración de comida e atracción infantil no Arde Lucus 2013 prorrogable elaboradas polo Departamento de Xuventude deste Concello.

IV.- Anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo numero 088, do 17 de abril de 2013.

## ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: ACORDO EXCLUSION PARCELA 2A PRAZA SOIDADE.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-4-2013

V.- Informe emitido por dona María José Pena Lage do 18 de abril que textualmente di:

*‘Con data 17 de abril e unha vez que se publicaron as bases no BOP do mesmo día 17 de abril, preséntase na OIX sita no Centro de Convivencia Uxío Novoneyra, Dona Zaida Portomeñe Ferro, DNI: 33.334.004-N, representando a KACHOPA, C.B. manifestando que para o seu posto 2A que ocupou o ano 2012, presentou a solicitude de renovación con data número 13 de febreiro de 2013 e Ref. 9053 (aporta copia da mesma )*

*A dita solicitude non chegou ás dependencias de Xuventude polo que non existe informe da mesma. No caso de que a solicitude houbera chegado o informe sería favorable para a renovación do posto 2ª, polo que solicitamos a valoración por parte do Servizo de Contratación da renovación deste posto.’*

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.** O Concello de Lugo, no marco da festa ARDE LUCUS 2013, prorrogable para o ano 2014 e 2015, aprobou por acordo da Xunta de Goberno Local o 10 de abril de 2013 o procedemento para a autorización da instalación de varios postos para restaurantes e de elaboración de comida así como novidade un posto de atracción infantil en terreos de dominio público habilitados para iso polo propio Concello durante **os días 14,15 e 16 de xuño de 2013.**

Trátase dunha autorización dun uso común especial que se regula polo R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), así como supletoriamente pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

O artigo 92 da Lei 33/2003 establece que as autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar dereito a indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

Dona Zaida Portomeñe Ferro en representación de KACHOPA C.B foi adxudicataria do posto número 2B no procedemento de licitación seguido no ano 2012 para a autorización da instalación de posto de elaboración de comida e cumpriu coa súa obriga de presentar a solicitude de prórroga no prazo establecido (en data 13 de febreiro de 2013, núm. rexistro 9053). Esta solicitude non foi informada nin resolta - a diferenza doutros interesados que presentaron tamén a solicitude de prórroga e foron admitidas- sendo así que KACHOPA C.B foi declarada decaída no seu dereito a solicitar prórroga e a parcela 2A foi incluída na relación de parcelas no novo procedemento de licitación para a autorización de instalación de postos no Arde Lucus 2013. Esta circunstancia provoca un trato discriminatorio xa que de terse informada a solicitude o informe sería favorable tal e como se indica no informe de Xuventude de data 18 de abril, e aínda que é certo que a súa denegación non daría lugar á indemnización non pode obviarse a existencia nun erro na tramitación da solicitude presentada polo que non pode admitirse a resolución denegatoria da solicitude para encubrir un erro administrativo.

En consecuencia e tendo en conta a posibilidade de revogación unilateral das autorizacións de uso especial de dominio público unha vez concedidas, con maior motivo podería ser deixado sen efecto o procedemento de autorización para instalación de postos de elaboración de comida, no particular da parcela 2A.

**Segunda.** En canto ó órgano competente para a aprobación do procedemento de licitación para a concesión das autorizacións, o artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a concesión de calquera tipo de licenzas, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo, en substitución da Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS), e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); e a Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Excluir do procedemento de licitación para A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE RESTAURANTES, POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDA E ATRACCIÓN INFANTIL NO ARDE LUCUS 2013 a **parcela 2A (segundo plano da pr. da Soidade)** polos motivos expostos na parte expositiva co mantemento do resto das parcelas incluídas nas bases técnicas e administrativas aprobadas por acordo da Xunta de Goberno local numero 11/230.

**SEGUNDO.-** Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a do Ilmo. Sr. Don Lino José González-Dopeno García, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Secretario da Xunta de Goberno Local.**